**TERCEIRO.-** Notificar este acordo aos Servizos e Departamentos municipais implicados na execución do planeamento.

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (9 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

### Acuerdo

**PRIMERO.-** Aprobar la propuesta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamiento y otorgamiento de licencias de parcelación de terrenos y edificación en el ámbito del plan especial PE M18 “Labañou”, delimitado en el plan general de ordenación municipal de A Coruña, por el plazo máximo de un (1) año, con la finalidad de estudiar su modificación, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 41 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia (LSG/16), y en el artículo 86 de su Reglamento de desarrollo.

*La suspensión no afectará a las obras o actividades señaladas en el art. 86.3 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que fue aprobado el reglamento de la Ley del suelo de Galicia (RLSG/16), para los casos en los que resulte de aplicación, ni a los usos y obras provisionales previstos en el artículo 89 de la LSG/16 (art. 204 del RLSG/16).*

*Esta suspensión se extinguirá por el transcurso del plazo indicado, o por la aprobación inicial de la modificación puntual, en cuyo caso entraría en vigor la suspensión prevista en el artículo 47.2 de la LSG/16.*

**SEGUNDO. -** Publicar el acuerdo de suspensión en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los periódicos de mayor difusión de la provincia, así como en la sede electrónica del Ayuntamiento.

**TERCERO. -** Notificar este acuerdo a los Servicios y Departamentos municipales implicados en la ejecución del



*planeamiento.*

### Intervencións

#### Presidencia

Pasamos xa, rematada a Parte Resolutiva, á Parte non Resolutiva de Control e Seguimento da Xestión. Señor Secretario.

#### **II. PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN:**

##### **150. Ter coñecemento:**

- Das resolucións da Xunta de Goberno Local, desde a número veinte mil setecentos trinta e tres (20.733) do catro de novembro de dous mil vinte e catro, á número vinte e tres mil oitocentos corenta e sete (23.847) de catro de decembro de dous mil vinte e catro.

- Dos decretos da Alcaldía, desde o número seis mil cincocentos setenta e un (6.571) do catro de novembro de dous mil vinte e catro, ao número sete mil setecentos catro (7.704) do catro de decembro de dous mil vinte e catro.

#### Señor Secretario

A continuación, mociones, ruegos e preguntas.

##### **2º. Mocións**

#### **MOCIÓN PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

aaa

**Primeira. Moción sobre as necesidades das administracións públicas impulsaren accións comprometidas coa normalización da lingua galega.**

### Intervenciones

#### Presidencia

*Pasamos ya, finalizada la Parte Resolutiva, a la Parte no Resolutiva de Control y Seguimiento de la Gestión. Señor Secretario.*

#### **II. PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE LA GESTIÓN:**

##### **150. Tomar conocimiento:**

*- De las resoluciones de la Junta de Gobierno Local, desde la número veinte mil setecientos treinta y tres (20.733) del cuatro de noviembre de dos mil veinticuatro, a la número veintitrés mil ochocientos cuarenta y siete (23.847) de cuatro de diciembre de dos mil veinticuatro.*

*- De los decretos de la Alcaldía, desde el número seis mil quinientos setenta y uno (6.571), de cuatro de noviembre de dos mil veinticuatro, al número siete mil setecientos cuatro (7.704), del cuatro de diciembre de dos mil veinticuatro.*

#### Señor Secretario

A continuación, mociones, ruegos y preguntas.

##### **2º. Mociones**

#### **MOCIONES PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

***Primera. Moción sobre las necesidades de las administraciones públicas impulsaren acciones comprometidas con la normalización de la lengua gallega.***



## **Presidencia**

Empezamos co debate das mociones. A primeira delas sobre a necesidade de impulsaren accións comprometidas coa normalización da lingua galega por parte do BNG.

Ten a palabra a señora Queixas.

## **Señora Queixas Zas**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Os recentes datos publicados polo Instituto Galego de Estatística sobre o coñecemento e o uso da lingua galega constatan a situación de emergencia que está a atravesar a nosa lingua. Son múltiples as causas que xustifican esta situación tan crítica, mais desde logo unha delas é determinante e esa é a imposición dunha política lingüística excluínte para o galego que veu aplicando o Partido Popular nos últimos quince anos. Vexamos algunas razóns desta afirmación.

Neste período prohibiuse por parte do Partido Popular a impartición en galego de varias materias da área de ciencias no sistema educativo, eliminouse praticamente o acceso das crianças á lectoescritura en galego na rede de escolas infantís, mudouse a Lei da Función Pública para que o funcionariado non teña que coñecer o galego para atender aos usuarios e desapareceu unha oferta de programación infantil ampla e actualizada na TVG entre outras moitas medidas. E as consecuencias están á vista: o galego descende no uso habitual até perder no seus trece séculos de historia a condición de lingua más falada de Galiza, un de cada tres nenos e nenas menores de catorce anos reconoce que non son capaces de expresárense en galego por falta de competencia lingüística.

## **Presidencia**

*Empezamos con el debate de las mociones. La primera de ellas sobre la necesidad de impulsar acciones comprometidas con la normalización de la lengua gallega por parte del BNG.*

*Tiene la palabra la señora Queixas.*

## **Señora Queixas Zas**

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Los recientes datos publicados por el Instituto Gallego de Estadística sobre el conocimiento y el uso de la lengua gallega constatan la situación de emergencia que está atravesando nuestra lengua. Son múltiples las causas que justifican esta situación tan crítica, pero desde luego una de ellas es determinante y esa es la imposición de una política lingüística excluyente para el gallego que vino aplicando el Partido Popular en los últimos quince años. Veamos algunas razones de esta afirmación.*

*En este período se prohibió por parte del Partido Popular la impartición en gallego de varias materias del área de ciencias en el sistema educativo, se eliminó prácticamente el acceso de los niños a la lectoescritura en gallego en la red de escuelas infantiles, se modificó la Ley de la Función Pública para que el funcionariado no tenga que conocer el gallego para atender a los usuarios y desapareció una oferta de programación infantil amplia y actualizada en la TVG, entre otras muchas medidas. Y las consecuencias están a la vista: el gallego desciende en el uso habitual hasta perder en sus trece siglos de historia la condición de lengua más hablada de Galicia, uno de cada tres niños y niñas menores de catorce años reconoce que no son capaces de expresarse en gallego por falta de competencia lingüística.*



No caso da Coruña o retroceso da poboación galegofalante é moi significativo. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística é, de todas as áreas urbanas, onde hai un maior retroceso, menos 25 %. Asemade na nosa cidade a porcentaxe de persoas que só falan castelán e que en ningún momento din usar o galego é do 60 %, 11 puntos máis que hai cinco anos.

Este é o éxito da política lingüística do Partido Popular, facer avanzar exclusivamente o monolingüísmo en castelán e que está a ser recriminada de forma continuada por institucións académicas como a Real Academia Galega ou estatutarias como o Consello da Cultura Galega, así como o Comité de Expertos do Consello de Europa, a propia ONU, que teñen dirixido sucesivos informes e advertencias á Xunta para que mude a súa actitude contraria á normalización do galego.

Consideramos que esta situación no noso idioma, a pesar de todo, é reversíbel, acreditamos profundamente nisto. O galego ten futuro se o compromiso coa normalización no noso idioma é real e é asumido polo conxunto da sociedade comezando a dar exemplo as institucións galegas. Este goberno local conta cunha ferramenta propia para contribuír a que o galego avance no camiño da normalización e free o actual proceso de substitución lingüística, e esta ferramenta é a Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña, que foi aprobada en Pleno no ano 2021. Tres anos e medio despois, o Goberno local non só non avanzou nada na elaboración do plan de normalización lingüística nin na creación do consello local da lingua, conforme determina a Ordenanza, senón que mesmo incumpriu a moción que impulsamos desde o BNG

*En el caso de A Coruña el retroceso de la población gallegohablante es muy significativo. Según los datos del Instituto Gallego de Estadística es, de todas las áreas urbanas, donde hay un mayor retroceso, menos 25 %. Al mismo tiempo en nuestra ciudad el porcentaje de personas que solo hablan castellano y que en ningún momento dicen usar el gallego es del 60 %, 11 puntos más que hace cinco años.*

*Este es el éxito de la política lingüística del Partido Popular, hacer avanzar exclusivamente el monolingüísmo en castellano y que está siendo recriminada de forma continuada por instituciones académicas como la Real Academia Gallega o estatutarias como el Consello da Cultura Galega, así como el Comité de Expertos del Consejo de Europa, la propia ONU, que han dirigido sucesivos informes y advertencias a la Xunta para que cambie su actitud contraria a la normalización del gallego.*

*Consideramos que esta situación en nuestro idioma, a pesar de todo, es reversible, creemos profundamente en esto. El gallego tiene futuro si el compromiso con la normalización en nuestro idioma es real y es asumido por el conjunto de la sociedad comenzando a dar ejemplo las instituciones gallegas. Este gobierno local cuenta con una herramienta propia para contribuir a que el gallego avance en el camino de la normalización y frene al actual proceso de sustitución lingüística, y esta herramienta es la Ordenanza municipal reguladora del uso de la lengua gallega en el Ayuntamiento de A Coruña, que fue aprobada en Pleno en el año 2021. Tres años y medio después, el Gobierno local no solo no avanzó nada en la elaboración del plan de normalización lingüística ni en la creación del consejo local de la lengua, conforme determina la Ordenanza, sino que incluso incumplió la*



e que se aprobou en Pleno en febreiro de 2024, en que se instaba precisamente o Goberno local a elaborar este plan de normalización lingüística e crear o consello local da lingua no primeiro semestre de 2024. É por isto que nesta moción o Grupo municipal do BNG, para alén de demandarmos á Xunta que vire dunha vez o rumbo da súa política lingüística para recuperar o consenso que rompeu unilateralmente en 2009 e que tódalas institucións lle están a pedir, instamos tamén (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**), instamos a aprobar os seguintes acordos: reafirmarnos na defensa da lingua galega como patrimonio colectivo de incalculábel valor e no dereito a ser coñecida e usada polo conxunto da poboación en calquera circunstancia e lugar; adherir este concello da Coruña á plataforma “Queremos Galego” e participar activamente en todas as iniciativas sociais que se promoven desde esta plataforma e cumplir e desenvolver a Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña, aprobada, insistimos, en 2021, mediante a elaboración do plan de normalización lingüística e a creación do consello social da lingua no primeiro semestre de 2025.

*moción que impulsamos desde el BNG y que se aprobó en Pleno en febrero de 2024, en que se instaba precisamente al Gobierno local a elaborar este plan de normalización lingüística y crear el consejo local de la lengua en el primer semestre de 2024. Es por esto que en esta moción el Grupo municipal del BNG, además de demandar a la Xunta que gire de una vez el rumbo de su política lingüística para recuperar el consenso que rompió unilateralmente en 2009 y que todas las instituciones le están pidiendo, instamos también (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención), instamos a aprobar los siguientes acuerdos: reafirmarnos en la defensa de la lengua gallega como patrimonio colectivo de incalculable valor y en el derecho a ser conocida y usada por el conjunto de la población en cualquier circunstancia y lugar; adherirse este ayuntamiento de A Coruña a la plataforma “Queremos Galego” y participar activamente en todas las iniciativas sociales que se promueven desde esta plataforma y cumplir y desarrollar la Ordenanza municipal reguladora del uso de la lengua gallega en el Ayuntamiento de A Coruña, aprobada, insistimos, en 2021, mediante la elaboración del plan de normalización lingüística y la creación del consejo social de la lengua en el primer semestre de 2025.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

## **Presidencia**

Moitas grazas, señora Queixas.

*Muchas gracias, señora Queixas.*

Turno para o Partido Popular, señor San Claudio.

*Turno para el Partido Popular, señor San Claudio.*

## **Señor San Claudio Yáñez**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

Quería aproveitar, antes de comenzar a

*Quería aprovechar, antes de comenzar mi*



miña intervención, a saudar aos compañeiros da Grande Obra de Atocha porque a pesar de que te gradúas da Grande Obra de Atocha, a Grande Obra de Atocha nunca sae de ti, en especial á profesora Marta Castro que representa a bo número de docentes cos que tiven a oportunidade de crecer, e benvidos a todos de novo a este pleno.

Señora Queixas, vostede vén aquí a relatar e pór de manifesto a incongruencia política do seu grupo, do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, neste pleno e por que o fai? Porque vostede, temos que recordar que desde outubro está sentada no pacto pola lingua que promove a Xunta de Galicia, vostede está sentada nun diálogo abierto e social que promove o Goberno do presidente Alfonso Rueda, e vén hoxe aquí a politizar e dar un paso máis á teima do Bloque Nacionalista Galego en facer política co uso da protección do galego. Cal é o espírito do BNG? Eu no quero entrar en liortas internas do Bloque Nacionalista Galego, non sei que débedas ten vostede co BNG ou que é o que lle exixe traer aquí a este pleno da cidade da Coruña, pero o que si que teño claro é a seguinte pregunta que me fago eu e o resto de persoas que están hoxe aquí e os coruñeses: a que señora Queixas temos que crer? Á que vén hoxe aquí con seu postulamento radical de manipulación da lingua ou á que se sentou en outubro e está en conversas polo pacto pola lingua? Señora Queixas, vanlle dicir a vostede que vai á horta e non ve as berzas, en que quedamos?

Pero claro que temos que estar orgullosos en Galiza da situación do galego, é ademais unha prioridade para o Goberno de Alfonso Rueda e collemos as conclusións da enquisa do Instituto Galego de Estatística que reflicte que sete de cada dez galegos comunican en galego e esto sumado ás conclusións do

*intervención, a saludar a los compañeros de la Grande Obra de Atocha porque a pesar de que te gradúas de la Grande Obra de Atocha, la Grande Obra de Atocha nunca sale de ti, en especial a la profesora Marta Castro que representa a buen número de docentes con los que tuve la oportunidad de crecer, y bienvenidos a todos de nuevo a este pleno.*

*Señora Queixas, usted viene aquí a relatar y poner de manifiesto la incongruencia política de su grupo, del Grupo del Bloque Nacionalista Galego, en este pleno, y ¿por qué lo hace? Porque usted, tenemos que recordar que desde octubre está sentada en el pacto por la lengua que promueve la Xunta de Galicia, usted está sentada en un diálogo abierto y social que promueve el Gobierno del presidente Alfonso Rueda, y viene hoy aquí a politizar y dar un paso más a la manía del Bloque Nacionalista Galego en hacer política con el uso de la protección del gallego ¿Cuál es el espíritu del BNG? Yo no quiero entrar en peleas internas del Bloque Nacionalista Galego, no sé qué deudas tiene usted con el BNG o qué es lo que le exige traer aquí a este pleno de la ciudad de A Coruña, pero lo que sí que tengo claro es la siguiente pregunta que me hago yo y el resto de personas que están hoy aquí y los coruñeses: ¿a qué señora Queixas tenemos que creer? ¿a la que viene hoy aquí con postulamiento radical de manipulación de la lengua o a la que se sentó en octubre y está en conversaciones por el pacto por la lengua? Señora Queixas, le van a decir a usted que va a la huerta y no ve las berzas, ¿en qué quedamos?*

*Pero claro que tenemos que estar orgullosos en Galicia de la situación del gallego, es además una prioridad para el Gobierno de Alfonso Rueda y cogemos las conclusiones de la encuesta del Instituto Galego de Estadística que refleja que siete de cada diez gallegos se comunican en gallego y esto sumado a las conclusiones*



informe do Consello de Europa podemos dicir que o galego é a lingua con maior protección no territorio español nas comunidades autónomas de bilingüismo, porque en Galiza, señora Queixas, por moito que lles pese fálase máis galego que catalán en Cataluña e euskera no País Vasco, é unha realidade, señora Queixas e señores do Bloque Nacionalista Galego, e por suposto o Partido Popular vai seguir con ese compromiso. Fixemos ese pacto pola lingua, é unha prioridade, con 50 medidas que queremos aplicar dende xa, un diálogo, señora Queixas.

Nós falamos de sumar, de mellorar, vostedes falan de derogar e traen unha moción ao Pleno porque queren o voto en contra, porque falan de derogar un decreto, o do ano 2010, que reflicte no só o compromiso co plurilingüismo e o bilingüismo do Goberno da Xunta. Por certo, desde o ano 2009 cinco maiorías absolutas do Partido Popular en Galicia, señora Queixas, cal é o modelo que prefieren os galegos e as galegas? As urnas de Galicia.

Nós defendemos ese bilingüismo cordial e permítanme que fale do meu caso persoal. Teño 25 anos, nacín na cidade da Coruña, eduqueime no colexió da cidade da Coruña *e teño a capacidade lingüística suficiente para comunicar no idioma que me apeteza, podo facelo en castelán ou podo facelo en galego.* Eso é o que defendemos dende o Partido Popular de Galicia, non a súa manipulación monolingüística. Vostedes van ás manifestacións pola lingua coa bandeira independentista de Galicia, eso é un uso político e defensa da política na lingua. Protexamos o tesouro, o noso tesouro que é o patrimonio (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) cultural dos galegos que é o idioma de Galicia, vale?

*del informe del Consejo de Europa podemos decir que el gallego es la lengua con mayor protección en el territorio español en las comunidades autónomas de bilingüismo, porque en Galicia, señora Queixas, por mucho que les pese se habla más gallego que catalán en Cataluña y euskera en el País Vasco, es una realidad, señora Queixas y señores del Bloque Nacionalista Galego, y por supuesto el Partido Popular va a seguir con ese compromiso. Hicimos ese pacto por la lingua, es una prioridad, con 50 medidas que queremos aplicar desde ya, un diálogo, señora Queixas.*

*Nosotros hablamos de sumar, de mejorar, ustedes hablan de derogar y traen una moción al Pleno porque quieren el voto en contra, porque hablan de derogar un decreto, el del año 2010, que refleja no solo el compromiso con el plurilingüismo y el bilingüismo del Gobierno de la Xunta. Por cierto, desde el año 2009 cinco mayorías absolutas del Partido Popular en Galicia, señora Queixas, ¿cuál es el modelo que prefieren los gallegos y las gallegas? Las urnas de Galicia.*

*Nosotros defendemos ese bilingüismo cordial y permítanme que hable de mi caso personal. Tengo 25 años, nací en la ciudad de A Coruña, me eduqué en el colegio de la ciudad de A Coruña y tengo la capacidad lingüística suficiente para comunicar en el idioma que me apetecza, puedo hacerlo en castellano o puedo hacerlo en gallego. Eso es lo que defendemos desde el Partido Popular de Galicia, no su manipulación monolingüística. Ustedes van a las manifestaciones por la lengua con la bandera independentista de Galicia, eso es un uso político y defensa de la política en la lengua. Protejamos el tesoro, nuestro tesoro que es el patrimonio (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención) cultural de los gallegos, que es el idioma de Galicia, ¿vale?*



E xa está tardando para pedir perdón pola frívola manipulación do *bullying* nas escolas cando falan de *bullying* ao referirse ao galego. Xa están tardando, como lle pediu a comunidade educativa en bloque, ese perdón necesario por frivolarizar dun xeito tan obsceno co drama do *bullying*.

E por supuesto, con todo isto enriba da mesa —e remato xa, señora alcaldesa— temos que facer referencia a Inés Rey, que converteuse nunha alcaldesa que non é de fiar nin sequera para os seus socios. Vostede trouxo esta mesma moción a principios deste ano, reclamando un (**óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención**), un compromiso de governo. A señora Avia, que firmou o pacto de governo para o PSOE co señor Lage, non sei se lle vai contando como son esos compromisos do pacto, señora Queixas, porque para desgraza desta cidade nunca tan pouco debemos ao futuro desta cidade. Seis concelleiros do Bloque Nacio..., do Partido Socialista de Santiago de Compostela son os que marcan o futuro da cidade da Coruña e por supuesto a non rendición de contas dunha alcaldesa, Inés Rey, que perdeu en todas as eleccións nas que se presentou.

Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor San Claudio. É a señora Veira, non é a señora Avia.

Turno para o Goberno local, señor Lage.

### **Señor Lage Tuñas**

Bo día a todos e a todas.

Señora Queixas, imos a votar a favor da súa moción. Permítame que non entre,

*Y ya está tardando para pedir perdón por la frívola manipulación del acoso en las escuelas cuando hablan de acoso al referirse al gallego. Ya están tardando, como le pidió la comunidad educativa en bloque, ese perdón necesario por frivolarizar de una manera tan obscena con el drama del acoso.*

*Y por supuesto, con todo esto encima de la mesa —y finalizo ya, señora alcaldesa— tenemos que hacer referencia a Inés Rey, que se convirtió en una alcaldesa que no es de fiar ni siquiera para sus socios. Usted trajo esta misma moción a principios de este año, reclamando un (se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención), un compromiso de gobierno. La señora Avia, que firmó el pacto de gobierno para el PSOE con el señor Lage, no sé si le va contando cómo son esos compromisos del pacto, señora Queixas, porque para desgracia de esta ciudad nunca tan poco debemos al futuro de esta ciudad. Seis concejales del Bloque Nacio..., del Partido Socialista de Santiago de Compostela son los que marcan el futuro de la ciudad de A Coruña y por supuesto la no rendición de cuentas de una alcaldesa, Inés Rey, que perdió en todas las elecciones en las que se presentó.*

*Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor San Claudio. Es la señora Veira, no es la señora Avia.*

*Turno para el Gobierno local, señor Lage.*

### **Señor Lage Tuñas**

*Buenos días a todos y a todas.*

*Señora Queixas, vamos a votar a favor de su moción. Permítame que no entre,*



despois de escoitar todas as cousas que se escoitou aquí, creo que podería dicir moitas, pero creo que non merece moito a pena. Creo que hai unha realidade, unha realidade lingüística en Galicia, tamén na cidade, pero creo que vostede fixo aquí unha intervención, que entendo perfectamente, que ten un contido máis do ámbito parlamentario autonómico no que refire unha serie de datos que creo que a día de hoxe é difícil que alguén poña en dúbida.

Formei parte do Plan de Normalización Lingüística do ano 2004 e da súa elaboración, e da súa aprobación por unanimidade. Sigo sen entender a día de hoxe que un acordo, que era un acordo de mínimos moi amplio, non fora implementado e que fora suplantado nun momento no que se fixo un ataque desaforado á lingua galega. Alguén non recordará aquelas portadas de periódicos do ámbito estatal onde se dicía que a xente non sabía falar en castelán e que non entendía o castelán. Entónces, dáme un pouco de pena asistir a determinado espectáculo, hai impostura e hai moitas más cousas que non merecen a pena porque non chegan aos mínimos para poder establecer ningún tipo de debate.

Eu creo que temos moitas tarefas por diante, a primeira acometeuna este goberno, a pesar de que houbo outros gobernos, incluso dos que participou o BNG, foi este goberno, o Goberno de Inés Rey, o que aprobou a primeira proposta de ordenanza de uso da lingua galega na administración local, e creo que si que temos unha tarefa pendente por diante. Creo que eso non ten nada que ver ca liberdade individual de que cada quien fale no que lle peta. A postura do Partido Socialista é unha postura de que as linguas son para entenderse, non para confrontar. As linguas non van de bandeiras nin de montar *performance* en plenos nin en ningún outro sitio, pero hai

*después de escuchar todas las cosas que se escuchó aquí, creo que podría decir muchas, pero creo que no merece mucho la pena. Creo que hay una realidad, una realidad lingüística en Galicia, también en la ciudad, pero creo que usted hizo aquí una intervención, que entiendo perfectamente, que tiene un contenido más del ámbito parlamentario autonómico en el que refiere una serie de datos que creo que a día de hoy es difícil que alguien ponga en entredicho.*

*Formé parte del Plan de Normalización Lingüística del año 2004 y de su elaboración, y de su aprobación por unanimidad. Sigo sin entender a día de hoy que un acuerdo, que era un acuerdo de mínimos muy amplio, no fuera implementado y que fuera suplantado en un momento en el que se hizo un ataque desaforado a la lengua gallega. Alguien no recordará aquellas portadas de periódicos del ámbito estatal donde se decía que la gente no sabía hablar en castellano y que no entendía el castellano. Entónces, me da un poco de pena asistir a determinado espectáculo, hay impostura y hay muchas más cosas que no merecen la pena porque no llegan a los mínimos para poder establecer ningún tipo de debate.*

*Yo creo que tenemos muchas tareas por delante, la primera la acometió este gobierno, a pesar de que hubo otros gobiernos, incluso de los que participó el BNG, fue este gobierno, el Gobierno de Inés Rey, el que aprobó la primera propuesta de ordenanza de uso de la lengua gallega en la administración local, y creo que sí que tenemos una tarea pendiente por delante. Creo que eso no tiene nada que ver con la libertad individual de que cada quien hable en lo que le peta. La postura del Partido Socialista es una postura de que las lenguas son para entenderse, no para comparar. Las lenguas no van de banderas ni de montar espectáculo en plenos ni en*



unha crúa realidade: a lingua propia de Galicia, tal como di o Estatuto de Autonomía, é o galego. Haberá aos que lles guste, aos que non lles guste, e polo tanto non sei se tamén queren cambiar eso no Estatuto. Vexo con bastante pena de que das poucas cousas que se protexían de forma unánime, que era a Televisión de Galicia, tamén queren que pase a formar parte doutro tipo de medio de comunicación, más alá das cuestións de información política. Creo que estamos diante dunha situación que debería ser, non sei se revertida, pero desde logo mellorada e vexo con pena que nunca se poidan producir debates de fondo que desde logo merecían moito a pena.

Este goberno municipal aprobou unha ordenanza, ordenanza que está en vigor e que leva algún tempo que se cumpla, porque non todo o mundo interioriza ao mesmo ritmo as ordenanzas e as normas, igual que se aceptan outras normas pois deberían aceptarse todas. A realidade é que eso, como dicía antes, non ten nada que ver coa defensa do uso persoal e individual da lingua que cada un considere oportuna (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**). Creo que estar orgulloso da lingua, das linguas que nos son propias, non debería ser un elemento de confrontación permanente, debería ser un elemento de entendemento e de unión, tamén de protección daquelas linguas que teñen menos falantes ou menos uso. Negar hoxe que o galego é a lingua do Estado que máis se utiliza despois do castelán en términos comparativos, porque se fixo algunha alusión a que o galego se utilizaba moito, si utilizase máis o galego en Galiza que o euskera ou o catalán nos seus respectivos... tal, pero eso non debe de ser un elemento para darmos por satisfeitos. O que hai é que abordar estas cuestións sabendo se é bo, se é positivo, se é propio que protexamos

*ningún otro sitio, pero hay una cruda realidad: la lengua propia de Galicia, tal como dice el Estatuto de Autonomía, es el gallego. Habrá a los que les guste, a los que no les guste, y por lo tanto no sé si también quieren cambiar eso en el Estatuto. Veo con bastante pena de que de las pocas cosas que se protegían de forma unánime, que era la Televisión de Galicia, también quieren que pase a formar parte de otro tipo de medio de comunicación, más allá de las cuestiones de información política. Creo que estamos ante una situación que debería ser, no sé si revertida, pero desde luego mejorada y veo con pena que nunca se puedan producir debates de profundidad que desde luego merecían mucho la pena.*

*Este gobierno municipal aprobó una ordenanza, ordenanza que está en vigor y que lleva algún tiempo que se cumpla, porque no todo el mundo interioriza al mismo ritmo las ordenanzas y las normas, igual que se aceptan otras normas pues deberían aceptarse todas. La realidad es que eso, como decía antes, no tiene nada que ver con la defensa del uso personal e individual de la lingua que cada uno considere oportuna (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención). Creo que estar orgulloso de la lengua, de las lenguas que nos son propias, no debería ser un elemento de confrontación permanente, debería ser un elemento de entendimiento y de unión, también de protección de aquellas lenguas que tienen menos hablantes o menos uso. Negar hoy que el gallego es la lengua del Estado que más se utiliza después del castellano en términos comparativos, porque se hizo alguna alusión a que el gallego se utilizaba mucho, sí se utiliza más el gallego en Galicia que el euskera o el catalán en sus respectivos... tal, pero eso no debe de ser un elemento para darnos por satisfechos. Lo que hay es que abordar estas cuestiones sabiendo si es bueno, si es positivo, si es*



e defendamos a nosa lingua. E iso que significa? Significa que todos e todas coñezan o galego, o saibam empregar o igual que saben empregar a outra lingua que é oficial na nosa comunidade autónoma, nin máis nin menos. A triste realidade é que eso non é así, a triste realidade é que hoxe (**óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención**) hoxe non hai ningún que non saiba falar ou que non entenda o castelán, pero sigue habendo moita xente que ou non entende o galego ou sabe falar o galego. Negar unha realidade, negar unha realidade cando os datos e as cifras están aí, pois desde logo empobrece calquera tipo de debate. Polo tanto, máximo respecto pola liberdade, pero máxima defensa do galego que é un patrimonio de todos e de todas.

Nada más e moitas grazas.

## **Presidencia**

Moitas grazas, señor Lage.

Remata o debate, procedemos á votación desta moción.

## **Votación da primeira moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre as necesidades das administracións públicas impulsaren accións comprometidas coa normalización da lingua galega, producíndose o seguinte resultado:

Vota en contra do Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (9 votos)

*propio que protejamos y defendamos nuestra lengua. Y eso ¿qué significa? Significa que todos y todas conozcan el gallego, lo sepan emplear al igual que saben emplear la otra lengua que es oficial en nuestra comunidad autónoma, nada más y nada menos. La triste realidad es que eso no es así, la triste realidad es que hoy (se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención) hoy no hay nadie que no sepa hablar o que no entienda el castellano, pero sigue habiendo mucha gente que o no entiende el gallego o sabe hablar el gallego. Negar una realidad, negar una realidad cuando los datos y las cifras están ahí, pues desde luego empobrece cualquier tipo de debate. Por lo tanto, máximo respeto por la libertad, pero máxima defensa del gallego que es un patrimonio de todos y de todas.*

*Nada más y muchas gracias.*

## **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Lage.*

*Finaliza el debate, procedemos a la votación de esta moción.*

## **Votación de la primera moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego**

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre las necesidades de las administraciones públicas de impulsar acciones comprometidas con la normalización de la lengua gallega, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota en contra del Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (9 votos)*



Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

**Presidencia**

Queda aprobada.

**151. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre as necesidades das administracións públicas impulsaren accións comprometidas coa normalización da lingua galega.**

**Acordo**

1. Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.

2. Cumprir e desenvolver a Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña, aprobada en 2021, mediante a elaboración do Plan de normalización lingüística e a creación do Consello Local da Lingua no primeiro semestre de 2025.

3. Adherir o Concello da Coruña á Plataforma Queremos Galego, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada. En coherencia con esa decisión, o Concello apoiará activamente as iniciativas sociais promovidas desde esta Plataforma.

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

**Presidencia**

*Queda aprobada.*

*151. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre las necesidades de las administraciones públicas impulsar acciones comprometidas con la normalización de la lengua gallega.*

**Acuerdo**

*1. Reafirmarnos en la defensa de la lengua gallega, patrimonio colectivo de incalculable valor, y en su derecho inalienable a ser conocida y usada por la población en cualquier circunstancia y lugar, sin discriminación de ningún tipo.*

*2. Cumplir y desarrollar la Ordenanza municipal reguladora del uso de la lengua gallega en el Ayuntamiento de A Coruña, aprobada en 2021, mediante la elaboración del Plan de normalización lingüística y la creación del Consejo Local de la Lengua en el primer semestre de 2025.*

*3. Adherir al Ayuntamiento de A Coruña a la Plataforma Queremos Galego, entidad social amplia conformada por colectivos de diferentes ámbitos y por personas a título individual, que nace de la voluntad de articular una amplia respuesta popular a favor de la lengua propia de nuestro pueblo, el gallego; de defensa y afirmación de los usos públicos y derechos lingüísticos ya garantizados por la actual legislación; y de progresiva normalización en aquellos espacios donde nuestro idioma propio no disfruta aún de la presencia deseada. En coherencia con esa decisión, el Ayuntamiento apoyará activamente las iniciativas sociales promovidas desde esta*



*Plataforma.*

4. Instar a Xunta de Galiza a :

- Aplicar o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento galego no ano 2004, para acadar os obxectivos establecidos no mesmo.

- Derrogar o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza e garantir un novo decreto que faga que o sistema educativo galego cumpla a función normalizadora que lle dá a norma vixente.

- Recuperar o papel normalizador da TVG, con ampla oferta para o público infantil e xuvenil adaptada a todos os dispositivos.

- Incrementar os recursos destinados ás políticas de apoio á lingua nos Orzamentos da Xunta de Galiza para 2025.

5. Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego.

**Segunda. Moción relativa ao antigo cárcere provincial.**

**Presidencia**

Segunda moción relativa ao antigo Cárcere Provincial.

Señor Jorquera ten a palabra.

**Ás once horas e vinte e dous minutos entra no Salón de Sesións a señora Canosa Domínguez.**

**Señor Jorquera Caselas**

*4. Instar a la Xunta de Galicia a:*

*- Aplicar el Plan General de Normalización de la Lengua Gallega, aprobado por unanimidad en el Parlamento gallego en el año 2004, para alcanzar los objetivos establecidos en el mismo.*

*- Derrogar el Decreto 79/2010 para el plurilingüismo en la enseñanza no universitaria de Galicia y garantizar un nuevo decreto que haga que el sistema educativo gallego cumpla la función normalizadora que le da la norma vigente.*

*- Recuperar el papel normalizador de la TVG, con amplia oferta para el público infantil y juvenil adaptada a todos los dispositivos.*

*- Incrementar los recursos destinados a las políticas de apoyo a la lengua en los Presupuestos de la Xunta de Galicia para 2025.*

*5. Trasladar este acuerdo plenario al Parlamento de Galicia, Consellería de Cultura, Lengua y Juventud, y a la Plataforma Queremos Galego.*

***Segunda. Moción relativa a la antigua cárcel provincial.***

**Presidencia**

*Segunda moción relativa a la antigua Cárcel Provincial.*

*Señor Jorquera tiene la palabra.*

*A las once horas y veintidós minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Canosa Domínguez.*

**Señor Jorquera Caselas**



Moitas grazas.

En primeiro lugar, tamén quero transmitir un saúdo ás alumnas e alumnos da Grande Obra de Atocha presentes na tribuna.

E centrándome xa na cuestión que agora se debate, nesta moción proponemos que o Pleno do Concello da Coruña solicite do Goberno central que renuncie á vía xudicial e se aveña a iniciar unha negociación co Concello sobre o futuro do antigo cárcere provincial e proponemos tamén instar o Goberno central a que inicie negociacións co obxectivo de acadar a cesión gratuita deste inmóvel acompañada do compromiso do Goberno central de contribuír decididamente a súa restauración e rehabilitación.

Facemos esta proposta porque a recente sentenza do Xulgado de Primeira Instancia número 5 da Coruña volve a poñer o contador a cero para negociar a cesión gratuita do antigo cárcere nunhas condicións asumíbeis para a cidade.

O Grupo municipal do BNG sempre defendeu que o convenio agora anulado por esta sentenza, subscrito polo alcalde Francisco Vázquez, era ilegal, pois os terreos do cárcere pertencían á cidade e foron cedidos para usos penitenciarios. Rematados eses usos debía producirse a súa reversión. Estamos, pois, ante outra das moitas herdanzas envenenadas que deixou a esta cidade o, segundo algúns, artífice da primeira gran modernización. E tamén sempre defendemos, como reconece a sentenza, que mentres a Administración Xeral do Estado a través da SIEPSE fose titular do antigo cárcere era a esta a quien lle correspondía asegurar o seu mantemento e conservación.

Muchas gracias.

*En primer lugar, también quiero transmitir un saludo a las alumnas y alumnos de la Grande Obra de Atocha presentes en la tribuna.*

*Y centrándome ya en la cuestión que ahora se debate, en esta moción proponemos que el Pleno del Ayuntamiento de A Coruña solicite del Gobierno central que renuncie a la vía judicial y se avenga a iniciar una negociación con el Ayuntamiento sobre el futuro de la antigua cárcel provincial y proponemos también instar al Gobierno central a que inicie negociaciones con el objetivo de alcanzar la cesión gratuita de este inmueble acompañada del compromiso del Gobierno central de contribuir decididamente su restauración y rehabilitación.*

*Hacemos esta propuesta porque la reciente sentencia del Juzgado de Primera Instancia número 5 de A Coruña vuelve a poner el contador a cero para negociar la cesión gratuita de la antigua cárcel en unas condiciones asumibles para la ciudad.*

*El Grupo municipal del BNG siempre defendió que el convenio ahora anulado por esta sentencia, suscrito por el alcalde Francisco Vázquez, era ilegal, pues los terrenos de la cárcel pertenecían a la ciudad y fueron cedidos para usos penitenciarios. Finalizados esos usos debía producirse su reversión. Estamos, pues, ante otra de las muchas herencias envenenadas que dejó la esta ciudad el, según algunos, artífice de la primera gran modernización. Y también siempre defendimos, como reconoce la sentencia, que mientras la Administración General del Estado a través de la SIEPSE fuera titular de la antigua cárcel era a esta a quien le correspondía asegurar su mantenimiento y conservación.*



É necesario lembrar estas cousas porque se non fose polo BNG e outras forzas da oposición o Concello xa tería pagado 2.300.000 € pola devolución do cárcere, porque ese foi o acordo ao que chegou o Goberno de Inés Rey coa SIEPSE, un acordo para que o Concello pagase ademais pola cesión dun edificio case en ruínas, porque non contemplaba ningún compromiso por parte do Estado de tan sequera contribuír a súa restauración e rehabilitación.

Conseguir a cesión nunhas condicións idóneas é unha cuestión de vontade política. En Granada o Estado devolveu o antigo cárcere ao Concello de xeito gratuito, en Soria hai negociacións avanzadas co Estado para conseguir a súa cesión e en Oviedo o antigo cárcere correccional alberga hoxe o Arquivo Histórico de Asturias. Por iso, insistimos, estamos ante unha cuestión que non se ten por que dirimir pola vía xudicial, é posíbel a cesión se hai vontade política. A cidade da Coruña non pode permitir o estado de degradación dun edificio situado na contorna dun monumento declarado Patrimonio da Humanidade e dun espazo natural de interese local. O edificio do cárcere pola súa situación, o seu valor arquitectónico e a súa significación histórica debía de ser un espazo público de primeira orde na cidade da Coruña, reúne condicións para ser un equipamento sociocultural, un lugar de reivindicación da memoria, pois nel estiveron privados de liberdade centos de presos políticos durante a Ditadura franquista, ou mesmo para suplir as insuficiencias das instalacións que dan servizo ás persoas que acoden a visitar a Torre de Hércules e a súa contorna, pois pola súa situación reúne tamén condicións para acoller un centro de interpretación da Torre e un centro de atención ás persoas visitantes.

Agardo polo tanto que voten a favor.

*Es necesario recordar estas cosas porque si no fuera por el BNG y otras fuerzas de la oposición el Ayuntamiento ya habría pagado 2.300.000 € por la devolución de la cárcel, porque ese fue el acuerdo al que llegó el Gobierno de Inés Rey con la SIEPSE, un acuerdo para que el Ayuntamiento pagara además por la cesión de un edificio casi en ruinas, porque no contemplaba ningún compromiso por parte del Estado de tan siquiera contribuir su restauración y rehabilitación.*

*Conseguir la cesión en unas condiciones idóneas es una cuestión de voluntad política. En Granada el Estado devolvió la antigua cárcel al Ayuntamiento de manera gratuita, en Soria hay negociaciones avanzadas con el Estado para conseguir su cesión y en Oviedo la antigua cárcel correccional alberga hoy el Archivo Histórico de Asturias. Por eso, insistimos, estamos ante una cuestión que no tiene por qué dirimirse por la vía judicial, es posible la cesión si hay voluntad política. La ciudad de A Coruña no puede permitir el estado de degradación de un edificio situado en el entorno de un monumento declarado Patrimonio de la Humanidad y de un espacio natural de interés local. El edificio de la cárcel por su situación, su valor arquitectónico y su significación histórica debía de ser un espacio público de primer orden en la ciudad de A Coruña, reúne condiciones para ser un equipamiento sociocultural, un lugar de reivindicación de la memoria, pues en él estuvieron privados de libertad cientos de presos políticos durante la Dictadura franquista, o incluso para suplir las insuficiencias de las instalaciones que dan servicio a las personas que acuden a visitar a Torre de Hércules y su entorno, pues por su situación reúne también condiciones para acoger un centro de interpretación de la Torre y un centro de atención a las personas visitantes.*

*Espero por lo tanto que voten a favor.*



Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para o Partido Popular, señor Rodríguez.

**Ás once horas e vinte e catro minutos entra no Salón de Sesións a señora Canosa Domínguez.**

**Señor Rodríguez Martínez**

Ben, bo día a todos e especialmente aos alumnos que hoxe nos acompañan na Tribuna.

Abro comiñas: en base ao Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, pido que se vote individualmente por si cabera algún tipo de responsabilidade persoal ou patrimonial desta decisión, dado que afecta ao patrimonio municipal e ten consecuencias, pecho comiñas.

**Ás once horas e vinte e seis minutos sale do Salón de Sesións a señora Sobral Cabanas.**

As primeiras palabras hoxe do Goberno municipal neste debate deberían ser para agradecer o voto decisivo deste grupo, hai agora dous anos, que evitou esa bravuconada do seu voceiro, que saíra adiante, porque se non, hoxe a súa vergonza sería áinda maior da que xa é. Foi boa cousa rememorar a intervención hai dous anos do señor Lage porque a base de tanto escoitalo ás veces esquecemos o soberbias que son as súas intervencións, porque aquela intervención foi realmente soberbia e non me refiro a soberbia por grandioso ou magnífica, refírome a soberbia por altiva, fachendosa, arrogante, fatua e fanfarrulleira. Ata tivemos que aturar

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Turno para el Partido Popular, señor Rodríguez.*

*A las once horas y veinticuatro minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Canosa Domínguez.*

**Señor Rodríguez Martínez**

*Bien, buenos días a todos y especialmente a los alumnos que hoy nos acompañan en la Tribuna.*

*Abro comillas: en base al Reglamento de organización y funcionamiento de las entidades locales, pido que se vote individualmente por si cupiera algún tipo de responsabilidad personal o patrimonial de esta decisión, dado que afecta al patrimonio municipal y tiene consecuencias, cierro comillas.*

*A las once horas y veintiséis minutos sale del Salón de Sesiones la señora Sobral Cabanas.*

*Las primeras palabras hoy del Gobierno municipal en este debate deberían ser para agradecer el voto decisivo de este grupo, hace ahora dos años, que evitó esa bravuconada de su portavoz, que había salido adelante, porque si no, hoy su vergüenza sería aún mayor de la que ya es. Fue buena cosa rememorar la intervención hace dos años del señor Lage porque a base de tanto escucharlo a veces olvidamos lo soberbias que son sus intervenciones, porque aquella intervención fue realmente soberbia y no me refiero la soberbia por grandioso o magnífica, me refiero la soberbia por altiva, presumida, arrogante, fatua y fanfarrullera. Hasta tuvimos que aguantar continuas referencias a Barrio*



continuas referencias a Barrio Sésamo. Abro comiñas: isto é así, bastante de Barrio Sésamo, entender se un é menos que dous e se dous é más que un, pecho comiñas. E agora preguntámoslle nós, señor Lage, se 2,3 millóns de euros son más ou menos que nada, porque esta é, señora Rey, a vergonza que non lle puidemos aforrar, porque se é por vostede teríamos pagados 2,3 millóns de euros todos os coruñeses por un edificio ruinoso construído nunha parcela adquirida hai un século polo Concello para levantar a prisión provincial e que, en consecuencia, perdido o seu uso tería que reverter gratuitamente ó Concello, pero ó contrario, o Goberno Socialista no 2005 asinou un convenio sen informes previos, sen crédito orzamentario, sen cláusula de actualización nin de mantemento que na práctica supoñía pagar dúas veces pola mesma parcela e ainda por riba, regalar outra. E daquela choiva viron todos os lodos posteriores.

Xa hai dous anos dixemos que o que tocaba era seguir negociando e que o Estado asumira a devolución gratuita da antiga cárcere e destinara fondos para a súa rehabilitación, por ser ademais responsable directo das condicións nas que se atopa actualmente tras décadas de abandono por completo, do máis mínimo mantemento. Sería tamén importante para acadar este obxectivo promover o acordo para o seu destino futuro. Nós xa levabamos unha proposta en parte recollida polo propio señor Jorquera no noso programa electoral.

